



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Deportes

Corrección de erros do anuncio 2025/5484 de publicación da Resolución da presidencia pola que se aproban as bases reguladoras da II Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía Verde publicada no BOP número 157 de data 20 de agosto de 2025

ANUNCIO

Corrección de erros do anuncio 2025/5484 de publicación da Resolución da presidencia pola que se aproban as Bases Reguladoras da II Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía Verde publicada no BOP número 157 de data 20 de agosto de 2025.

Mediante resolución da presidencia número 2025 / 39200 modificada por resolución da presidencia número 2025/39859 apróbanse as Bases Reguladoras da II Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía Verde, cuxo texto se transcribe:

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 2025/39200 QUE APROBA AS BASES REGULADORAS, O ORZAMENTO E A CONVOCATORIA DA II CARREIRA DEPUTACIÓN DE CORUÑA – CAMIÑOS DA VÍA VERDE.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a proposta do Deputado de Deportes e os informes da Sección de Deportes, Secretaría Xeral e o Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases da **II CARREIRA DEPUTACIÓN DE CORUÑA – CAMIÑOS DA VÍA VERDE** que se desenvolverá segundo as seguintes:

BASES REGULADORAS II CARREIRA DEPUTACIÓN DE CORUÑA – CAMIÑOS DA VÍA VERDE

Base 1. Obxecto e finalidade

- Incentivar o deporte federado en categorías base, como vertebrador e garante dunha práctica segura e de calidade.
- Fomentar as modalidades deportivas do atletismo.
- Fomentar a actividade física saudable.
- Impulsar a cohesión e a participación social na provincia, utilizando o deporte como instrumento.
- Promocionar a provincia e os seus municipios como “territorios activos”, e contribuír ao seu desenvolvemento económico e social a través do deporte.

Esta proba celebrarase coa intención de impulsar a participación entre a rapazada, a mocidade e as persoas maiores da provincia da Coruña cunha proba que pon en valor a beleza paisaxística e histórica da Vía Verde entre os concellos de Ordes e Cerceda. Así mesmo, a proba tratará de fomentar e promover o deporte en xeral a través da práctica do “pedestris-mo”, ofrecendo a posibilidade a toda a poboación de participar nunha proba singular na provincia da Coruña, nun rango de idade que dará cabida a desde os máis xoves ata os de maior idade.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e rexerase polo seguinte regulamento:

Base 2. Destinatarias

Persoas en posesión da licenza federativa de atletismo, habilitarase a posibilidade de xestionar a licenza de día, coas seguintes categorías:

Proba de 11,5 K

CATEGORÍA	Idade a 31 de decembro do ano no que acaba a tempada (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro)
Xuvenís / SUB18	16 ou 17 anos
Junior / SUB20	18 ou 19 anos
Promesas /SUB23	20, 21 ou 22 anos
Sénior	23 anos ou mais ata o día que se cumpren 35
Master 35	35 a 39 anos
Master 40	40 a 44 anos
Master 45	45 a 49 anos
Master 50 e seguintes	50 anos en diante

Proba 2 K

CATEGORÍA	IDADE
Cadetes /SUB16	14 ou 15 anos
Infantís / SUB14	12 ou 13 anos

Proba 1 K

CATEGORÍA	IDADE
Alevín / SUB12	10 ou 11 anos
Benxamíns / SUB10	8 ou 9 anos

Proba de 400 m

CATEGORÍA	IDADE
Prebenxamín /SUB8	6 ou 7 anos

Na andaina de 6,2k poderán participar todas as persoas que teñan nado no ano 2017 e anteriores..

Base 3: Inscripción e compromiso de participación

As inscricións realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com

A inscrición en todas as probas será de balde

Prazo de Inscripción:

Dende o día seguinte da publicación do regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 24 de setembro de 2025 as 23:59 h.

Base 4. Desenvolvemento e normativa da competición**4.1. Horarios**

HORA	PROBA
09:45 h	Andaina popular de 6,2 km aproximadamente
10:30 h	11,5 km aproximadamente
12:00 h	2 km aproximadamente escolares
12:20 h	1 km aproximadamente
12:35 h	400 m aproximadamente escolares
12:50 h	ENTREGA DE PREMIOS (LUGAR DA META)

4.2. Lugar de saída e meta das probas e data de celebración.

A saída da Proba de 11,5 k será desde a Estación de tren de A Pontraga, Ordes.

A saída da Andaina de 6,2 k será desde a Estación de Gorgullos-Tordoia, Área de Descanso da Vía Verde

As probas escolares realizaranse na estación de Estación de Queixas-Londoño-Cerceda, Área de Descanso da Vía Verde.

A meta de todas as probas sitúase na Estación de Queixas-Londoño-Cerceda, Área de Descanso da Vía Verde.

4.3. Traslado en autobús.

As persoas participantes na andaina, serán trasladadas en autobús desde o punto de meta (Estación de Queixas-Londoño-Cerceda) a partir das 08:45 horas ata o punto de saída (Estación de Gorgullos-Tordoia).

As persoas que corran a proba de 11,5K serán trasladadas en autobús desde o punto de meta (Estación de Queixas-Londoño-Cerceda) a partir das 09:15 horas ao punto de saída (Estación de tren de A Pontraga, Ordes)

Base 5. Premios

Outorgaranse premios segundo se indica deseguido:

5.1. Premios proba de 11,5 k

Outorgaranse trofeos as tres primeiras persoas clasificadas absolutas da proba de 11,5 K, e as 3 primeiras clasificadas de cada unha das categorías establecidas para a proba.

5.2. Premios probas idades escolares (2K, 1K, 400m.)

Outorgarase medalla a toda a rapazada participante nas categorías escolares.

A andaina non será competitiva, polo cal non se entregarán premios na mesma.

5.3 Premios especiais a clubs na proba de 11,5 k

Aos 3 clubs federados con máis participantes na proba outorgaráselle:

POSTO	PREMIO
1º Club federado	Trofeo + Vale material deportivo de 300 €
2º Club federado	Trofeo + Vale material deportivo de 200 €
3º Club federado	Trofeo + Vale material deportivo de 100 €

Deberán inscribirse coa mesma denominación na plataforma www.carreirasgalegas.com e indicar o nome do club e a licenza federativa en vigor na propia inscrición.

5.4. Entrega de premios

A entrega de premios terá lugar na zona de meta (Estación de Queixas-Londoño-Cerceda) a partir das 13:00 horas.

Base 6. Consideracións xerais

6.1 Obtención licenza federativa

Habilitarase a posibilidade de obter a licenza de día tanto para as persoas adultas como para as menores.

6.2 Avituallamento

Haberá servizo de avituallamento líquido aproximadamente no punto km 6,2 da proba de 11,5 k (Estación de Gorgullos-Tordoia) e avituallamento líquido e sólido na meta do resto de probas.

6.3 Servizo de gardarroupa

Habilitarase servizo de gardarroupa na zona de meta (Estación de Queixas-Londoño-Cerceda)

6.4 Entrega de dorsais

A entrega de dorsais terá lugar na zona de meta (Estación de Queixas-Londoño-Cerceda) a partir das 08:30 horas e ata 30' antes do inicio de cada proba.

6.5 Circuíto

As probas desenvolveranse sobre un circuíto en ruta, onde pasarán por camiños de terra, zonas de asfalto e sendeiros propios da Vía Verde.

6.6 Outras consideracións regulamentarias

Todo o non recollido no presente regulamento rexerase pola normativa de probas en ruta da Federación Galega de Atletismo e da Real Federación Española de Atletismo en vigor.

A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

Queda totalmente prohibido correr na proba sen terse inscrito na mesma.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes Deportivos e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

Base 7. Protección de datos

Os datos persoais, entre os que se inclúe a imaxe, obtidos neste procedemento serán tratados, pola Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO actuando ambas como responsables do tratamento, cada un nas súas funcións respectivas. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Todas as persoas ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e un vídeo para a difusión da proba e publicidade por parte da Deputación Provincial da Coruña e da Federación Galega de Atletismo.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas e/ou entidades no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou a páxina de federación galega de Atletismo, ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 22 de agosto de 2025

Xosé Regueira Varela

Presidente en funcións

Paula María Vázquez Carrasco

Secretaría xeral en funcións

2025/5577